





# SALDOIRA 2016

IES · MARTAGUISELA



E R U I P O D E  
DINAMIZACIÓN · LINGÜÍSTICA





# INDICE

## XUÑO

## 2015

- 3 Carta do director
- 4 Hi London!!!
- 5 Lekaroz 2014
- 6-7 Berlín
- 8 Visitas a Vigo e Manzaneda
- 9 A Coruña: Inditex e a Torre de Hércules
- 10 Memorias de Canadá / Xogos matemáticos
- 11-14 Profesorado e alumnado do IES Martaguisela
- 15 Despedidas
- 16 Semana das Letras
- 17 Un día cheo de música
- 18 Premio ambiental / Un día de setembro...
- 19 Recordando a *Don Quixote* / *A Esmorga*
- 20 Visitas literarias
- 21 Contra a violencia de xénero / Eu son así
- 22 A LOMCE e as súas novidades

# Carta do director



Antonio Liébana del Valle

GRATIAS MULTAS VOBIS  
OMNIBUS AGO

*Gratias multas vobis omnibus ago* por facer inmensamente gratos no Instituto Martaguisela os últimos dezaseis anos no meu traballo como docente. Como compañeiro ou como profesor fun recibido no ano 2009 con tanto cariño que pronto deixei de sentir a morriña que deixaron en min as Illas Afortunadas. Como director, fixéstesmo todo tan fácil e levadí que había veces que me parecía que os que traballabades erades vós, e non eu. Sinto tristeza por marchar, non o vou negar; pero este traballo que o destino nos deparou é tan inmensamente gratificante que chegado este momento sentes que o labor realizado ben mereceu a pena e que non pasa nada por deixar que outras xeracións cubran el posto que abandonas. O sementado queda; e, como cada curso que remata, os alumnos e

alumnas recórdannos con cariño, saúdannos cando nos ven e só se lembran dos bos momentos que pasamos xuntos. Os profesores, profesoras, persoal administrativo, conserxes, persoal de mantemento e tamén Rufino... xa quedarán para sempre como os meus mellores amigos. Deixemos que cando se chega a unha idade cambiamos os nosos hábitos, a nosa maneira de vivir e de gozar da vida. Deixemos que outros fagan o noso traballo, que xa nos merecemos un descanso e algún que outro "jobi". Vamos que, no fondo, eu creo que, a pesar de ter que deixarvos, incluso marcho contento: (jii... ata creo que nestes últimos meses mo notastes na cara...!!!) Permitídemme, pois, compartir con todos vós este momento e non me esquezades nunca. Eu tampouco vos esqueceré a vós. Só sinto ter que deixarvos coa LOMCE...



# Hi London!!!

**Era sábado, ía frío como calquera mañá de inverno e, como poucas veces sucederá nun día no que non hai clase, estabamos todos na porta do instituto no lugar de estar durmindo.**

**María Adrián / David Gómez (1.º BAC A)**

Xa quedaban lonxe os días nos que comezaban os rumores sobre unha excursión a Londres e por fin chegara o agardado 17 de xaneiro. A nosa viaxe comezaba, en menos de sete horas estaríamos pisando chan británico. Fomos en autobús dende O Barco ata A Coruña e alí collemos o avión que nos levaría a Heathrow, un dos aeroportos de Londres. Cando aterramos xa era de noite e, aínda que estabamos cansos pola viaxe, deixamos as maletas no hotel e fomos paseando ata Picadilly Circus para aproveitar o que quedaba de día. A nosa primeira impresión da cidade foi do mellor, a cada paso que dabamos gustábanos un pouco máis. O domingo foi un dos mellores días. Visitamos Trafalgar Square, Buckingham Palace e, aínda que non conseguimos ver enteiro o famoso cambio de garda,

chegamos a ver o final. Esa mesma mañá tamén fomos ata o Big Ben, Westminster Abbey e o London Eye, algúns dos sitios máis representativos de Londres. Algúns subiron á coñecidísima nora dende a que se gozaba de vistas impresionantes; outros pasearon pola zona contemplando as bonitas vistas e finalmente todos nos xuntamos diante dun artista á beira do Támesis que captou a nosa atención coa súa voz e a súa guitarra. Para rematar o día, pasamos a tarde en Covent Garden de compras, visitando a zona e gozando do bonito lugar. Levabamos pouco máis dun día en Londres e xa estabamos recubertos das sensacións que esta cidade desprende, e iso é algo indescribible. O luns era o esperado día para ir a Canden Town, ese lugar cheo de

tendas e postos do máis curiosos e extravagantes. Entrabas nunha tenda, saías doutra e así pasaba a mañá sen que te decatases. Despois da visita a este mercado fomos á estación de King's Cross, parada obrigatoria para os fans de Harry Potter, xa que alí estaba a plataforma 9 e  $\frac{3}{4}$  (os fans da novela poderán imaxinarse o emocionante do lugar). Á hora de xantar fomos a Bank, unha zona chea de edificios con oficinas e xente con moita prisa camiñando cara a todos os lados. Logo paseamos por St. Katherine's Docks e fixemos unha sesión de fotos con Tower Bridge de fondo. O luns rematou en Oxford Street, coñecida pola gran cantidade de tendas e centros comerciais que ten a ambos os lados da rúa. Imaxínade como de cansos e felices rematamos ese día!!!



# Lekaroz 2014

**Elena Monteagudo. 2.º ESO A**

Este curso 2014-2015 algúns rapaces e rapazas de 2.º ESO participamos nun programa de inmersión lingüística en Lekaroz (Navarra) onde, ademais de falar inglés, tivemos a oportunidade de convivir con outros mozos e mozas da nosa idade. Ademais dos coñecementos lingüísticos, unha parte importante das actividades se encamiñaron a concienciar sobre o coidado do medio ambiente.

O alumnado foi dividido en catro grupos: África, Europa, Asia e América. As actividades foron variadísimas: desde conseguir que un ovo non escachara se o tirabamos ata facer un "Atrapas un millón" en inglés con preguntas sobre medio ambiente.

Tamén puidemos gozar de horas de descanso, nas que podíamos xogar ao tenis de mesa, ao fútbolín, facer deportes ou simplemente pasear polar instalacións que non eran para nada pequenas. Tiñan un campo de fútbol americano, un de baloncesto, dous de fútbol (herba e cemento) e tiñan unha pista para correr. O paraíso do deporte!!

**Noemí Núñez Nogueira 2.º ESO B**

Neste curso o alumnado de 2.º ESO acudiu a unha actividade de inmersión lingüística en Lekaroz (Navarra), onde falamos inglés e convivimos con rapaces da nosa idade de Reinosa (Cantabria).

Ensináronnos a coidar mellor o medio ambiente e para levar a

cabo as actividades dividíronnos en catro equipos nos que se mesturaba alumnado de ambos os dous centros educativos (O Barco e Reinosa).

Cada día tiñamos dúas horas de clase cos monitores de inmersión e faciamos actividades relacionadas co medio ambiente en inglés. Unha hora ao día, despois de comer, tiñamos tempo libre para falarmos entre nós, pasear ou facer deporte.

Durante toda a semana cada grupo do noso centro e o de Reinosa ía cos seus profesores ao final do día para realizar unha actividade de reciclaxe en inglés. As profesoras que nos acompañaron foron Elva e Ana. Pasámolo moi ben e aprendemos moitas cousas.



# Que ben o pasamos en Berlín!

Daniel Calvo (2.º BAC B)



Seis de febreiro, soa o espertador á mesma hora de sempre pero non ía ser un día normal. Este día é o único de todo o curso no que ninguén chega tarde, todo o contrario!

A nosa viaxe comeza nun autobús con trinta e dous compañeiros e tres profesores, Antonio de Latín, Daniel de Grego e Patricia de Economía, camiño a Porto, polas nevadas terras de Viana. Fixemos a primeira parada na Gudiña, onde con tanta neve non puidemos conternos e xogamos con ela. Puxémonos en marcha e ao pouco tempo comezaron a soar os teléfonos de todos, que loucura!, xa deixáramos atrás Galiza e entráramos en Portugal, polo tanto aos nosos teléfonos intelixentes chegou unha mensaxe que dicía: Boa Viaxe!

Así foi como comezou a nosa pequena aventura, despois duns controis imprescindíbeis, tivemos que esperar un tempo porque o voo retrasouse. Deseguido embarcamos no avión e pasaron tres horas até chegar. O noso primeiro recordo é o frío alemán que non ten nada que ver co da nosa terra. Chegamos ao hotel un pouco cansos pero cheos de ilusión. Logo de instalármonos, saímos cear, a verdade é que o hotel non estaba na zona máis "glamurosa" de Berlín, pero atopamos uns restaurantes ben preto.

Despois dun bo almorzo fixemos unha visita guiada pola cidade, onde o guía, Óscar, nos ensinou o máis importante. Contounos moitas historias e amosounos uns monumentos abraiante. Xantamos na estación de tren e fomos á cúpula do Reichtag, onde puidemos observar unhas vistas fantásticas de toda a cidade. Xa polo serán fomos visitar uns museos, o primeiro un pouco aburrido polo pouco control que tiñamos da lingua, pero o segundo era interactivo, foi todo un "show", sobre todo no coche que ía marcha atrás. Xa pola noite, algúns quixeron saír a coñecer a noite berlinesa con Antonio. Outros quedamos no hotel de charla e de descanso.

O día seguinte foi dos mellores días da nosa viaxe. Daniel e a

súa afonía, pola cal se lle denominou "O Mudo de Berlín" non o pasaron tan ben. A primeira visita do día foi o tan famoso Muro de Berlín onde todos quixemos sacarnos unha foto coa imaxe do bico. Algúns con bico incluído e todo! Na outra punta da cidade había unha feira chea de cousas moi curiosas, pero facía un frío que non nos deixou gozar dela como era debido. Por conseguinte, entramos nun bar a tomar un chocolate quente e alí unha compañeira diría unha frase célebre: "One pregunt plis Wifi". Esta frase quedará para o recordo.

Xa polo luscofusco visitamos un museo onde puidemos observar unha árbore dos desexos, unha máquina de escribir en hebreo ... Cando collemos o metro estábamos un pouco cansos, porén aínda nos quedaron ganas de gastar unhas bromas aos compañeiros de vagón, e vimos como moitos saían correndo. Que pouco sentido do humor teñen!

Esa noite houbo unha compañeira que non o pasou moi ben, xa que se decatou de que perdera a carteira. Ao día seguinte, Patricia e ela foron ao consulado para resolver o problema. O resto do alumnado puido elixir entre ir por libre, ir con Antonio ao centro comercial ou ir con Daniel aos museos. Nestes museos outro dos nosos compañeiros meteulle outra patada ao inglés: "withnós", para dicir connosco. Despois volvémonos reunir todos no hotel onde recolleemos as cousas e con bágoas nos ollos marchamos. Pero non sen antes molestar un pouquiño máis aos alemáns e meternos nun tren que xa estaba cheo con trinta e cinco persoas máis, cada unha coa súa equipaxe! Case nos expulsan do país!

Da viaxe de volta teño pouco que contarvos xa que durmimos todos como anxos.

Esta viaxe foi inesquecible, pero non só polos monumentos, senón tamén polos compañeiros, amigos e profesorado que sempre estarán no noso recordo. Grazas por todo!

# Berlín: apertura e multiculturalidade

Víctor Santos López. 2.º BAC B

Se alguén viaxa a Berlín esperando atopar o *telón* cidade-museo tan común na gran maioría de cidades europeas, é máis que probable que leve unha decepción.

A capital alemá garda, posiblemente, a súa esencia distintiva niso. É un lugar que cada un debe descubrir e gozar ao seu modo. A nós, o alumnado que actualmente cursamos segundo de bacharelato, esta idea quedounos clara dende o primeiro momento.

Aloxámonos nun barrio no que os maxestosos residenciais modernistas tan propios dunha cidade

histórica se tornaban en edificios atonais os uns dos outros, cheos de graffitis, neons parcialmente fundidos ou carteis que anunciaban algún concerto ou algún dos tan populares pub "underground" onde soaban os máis grandes himnos do punk ou do rock máis alternativos. Berlín recendía a coiro, fideos chineses e, se cadra, un chico a marihuana.

Tras experimentar as primeiras trazas da súa vida nocturna, ao día seguinte, soportando un frío siberiano, descubrimos a outra cara da moeda: os "landmarks" que as postais e as revistas de viaxes se empeñan en ofrecernos.

A porta de Brandenburgo altiva fronte ao parque de Tiergarten, no que os restos de neve e as árbores caducifolias confeccionábanlle un aire fúnebre. Illado e alleo ao tráfico e ao balbordo urbano, erguíase sobre unha enorme pradería o parlamento alemán, o Reichstag, coa marabillosa e megalómana cúpula de Foster harmonizada perfectamente co neoclasicismo da fachada.

Non moi lonxe, o monumento ao Holocausto cos seus irregulares bloques de pedra resultaba aterrador e angustiante. Nas rúas, os antigos edificios que quedaban aínda mesturábanse con modernas estruturas de cristal como a enorme estación de Hauptbahnhof.

Pero, lonxe dos lugares máis céntricos coma o Checkpoint

Charlie, ategado de turistas, o que dota de personalidade a unha cidade son, sen dúbida, os pequenos detalles. Como aquel mercado que visitamos. Nel, as cámaras Super 8 e Polaroids amontoábanse con xoguetes de lata e soldadiños de chumbo; a roupa máis decadente con cadeiras e cómodas de corte vitoriano ou coas lámpadas máis pop; vinilos esquecidos e locais ambulantes de apetitosa comida rápida.

Os días continuaban, as luces do Spargel en Alexander Platz eran sempre unha referencia, non había

rañaceos practicamente. Visitamos por fin os restos do archiconocido Muro de Berlín, unha barreira que dividiu un mesmo pobo, sometido durante anos á vontade de dous sistemas opostos totalmente. Arte urbana na súa máxima expresión, un sinfín de figuras e formas psicodélicas cheas de cor, parecían irónicas en algo que un día foi a vergoña de toda Europa.



Non faltaron, por suposto, as fotos parodiando o famoso bico entre Breznev e Honecker.

Despedimos a excursión en Postdamer Platz, esta vez, a moda tiña tres caras, alto totalmente novo, o centro financeiro berlinés. Atrevidos bloques de pisos e cúpulas acristaladas que máis semellaban naves espaciais que oficinas repletas de banqueiros e accionistas perfectamente vestidos. Outro mundo dentro da mesma cidade.

En definitiva, se Berlín supuxo durante moitas etapas da súa historia a división entre culturas e formas de pensar, é agora todo o contrario, converténdose no máximo expoñente da multiculturalidade, a unión e a convivencia. Unha cidade aberta a todo e a todos, un lugar con vida propia.

O alumnado de segundo de Bacharelato quere dar as grazas a todo o profesorado que nos apoiou dende o primeiro momento, en especial a Fernando, Daniel, Patricia e Antonio.

# O mundo da gran empresa.

## Visita a Citroën

Giselle Romero Roa (3.º ESO C)



O día 10 de novembro o alumnado de Tecnoloxía de 4.º de ESO e de 1.º de Bacharelato fomos de excursión a Vigo para visitar a fábrica de Citroën. A viaxe en autobús durou case tres horas, pero non se fixo moi longa. Chegamos a Vigo cara as 11.30 e fomos directamente a Citroën. Nada máis chegar

déronnos unas batas, chalecos laranxas, punteiras para os zapatos e uns lentes de plástico, todo por seguridade. A continuación, un home “moi aburrido” explicounos o percorrido que fan as pezas dende que entran ata que saen convertidas en coches. Logo, dúas rapazas guiáronnos polo interior das instalacións. As explicacións sucedéronse durante todo o percorrido. Pasamos por todos os talleres: o de embutición, soldadura, montaxe... Pero non puidemos ver o de pintura porque estaba cerrado aos visitantes. Fernando, o noso profesor, non parou de facer fotos.

Cando rematamos a visita xa era hora de comer. Para iso fomos ao centro comercial. Só nos deixaron unha hora porque tiñamos que marchar a Balaídos, aínda que alí esperamos corenta minutos a que abrisen.

No estadio entramos aos vestiarios e vimos o museo. Saímos ao campo pola porta dos xogadores e os guías

estaban obsesionados con que non pisásemos o céspede. Ao saír leváronnos á Praia e merendamos nun McDonalds. Estivemos descansando un tempo e ás seis subimos no autobús de volta á casa.

# Excursión a Manzaneda

## Intercambio co IES Illa de Arousa

O día 25 de maio, aínda coa música das festas de Santa Rita na cabeza, un grupo de trinta alumnos/as de 1.º de ESO do IES Martaguisela, acompañados polos profesores de Educación Física e

Galego, partimos cara Manzaneda ás 8:30 da mañá.

No camiño algúns mareámonos, porque a estrada estaba chea de curvas; pero ao chegar, un monitor guapísimo levounos a unha ruta de sendeirismo, que nos fixo esquecer en seguida as incomodidades da viaxe.

A excursión incluía todas as comidas: almorzo, xantar, merenda e cea; pero, aínda que os menús non estaban mal, a nós



gustábanos moito máis o que había na máquina expendedora do restaurante, que estaba repleta cando chegamos e quedou baleira cando nos fomos, igual que os nosos petos.

Todas as actividades que realizamos foron divertidas: karts, piscina, escalada, tiro con arco... aínda que o momento máis

emocionante foi a sesión de disco, onde nos encontramos cos compañeiros da Illa de Arousa, cos que viñamos intercambiando cartas desde o inicio do curso. Quedámonos todos moi agradecidos a Roi por facer as presentacións. Se non fose por el, ninguén se atrevería a dar o primeiro paso. O regreso foi o día 26 ás 5 da tarde. Chegamos moi cansados, pero contentos e con ganas de repetir.



# O imperio Inditex

Alumnado de 2.º Bac B Economía

O alumnado de 2.º de Bacharelato realizou unha excursión á fábrica de Inditex que nos deixou abraiados a todos, pero con distintos sabores de boca.

Atendeunos unha señora que alí traballaba e tiña un cargo bastante importante ou mellor dito cargos. Foi moi agradable, e contestou a tódalas preguntas que lle fixemos.

Comezamos vendo unha primeira planta, na que traballaban os deseñadores e confeccionadores, todos coas súas grandes mesas e espazo máis que suficiente. Había moita variedade de teas, con diversos estampados e texturas. Sempre tendo en conta a demanda de prendas que había en diferentes países. Despois baixamos a outro nivel, onde outros traballadores se ocupaban da venda das prendas na páxina web e nesa mesma planta tamén había tendas reais con seus respectivos escaparates onde deseñaban a estrutura, a forma de colocar as prendas e o deseño dos escaparates, para logo colocalas así en todas as tendas do mundo. Acórdome dun comentario que fixo a nosa guía que non se me esquece, dixo que nos países orientais os seus maniquís non podían ter mans nin cabeza, por motivos relixiosos e culturais.

E por último a través dun subterráneo enorme, que tiña

unhas fitas transportadoras con perchas. Chegamos á zona onde se cortaban, cosían,

pasaban o ferro e empaquetaban as prendas. Era a planta máis baixa, o que tamén indicaba, o cargo máis baixo. Alí non había espazos enormes, nin cadeiras súper cómodas. Pero o que si se pode dicir é que parecían cómodos traballando alí. Esta súper empresa ten un cadro de persoal duns 3500 empregados só nesa fábrica. Polo tanto tamén dispoñía de catro comedores, e ao pasar por alí abríanche o apetito. Cheiraba que arrecendía. A nosa primeira comparación que se nos veu á testa, foi coa película de *Charly e a fábrica de chocolate*. Todo un despregue alucinante.

Sen dúbida que foi unha boa opción esa viaxe, resolvemos varias dúbidas e quizais non teñamos outra oportunidade de ver iso. E para mellorar o día, o tempo acompañounos moito, polo que a visita á Torre de Hércules foi un puntazo.



# Torre de Hércules á vista

Alumnado de 4.º ESO C

O día 27 de outubro o alumnado de 3.º e 4.º de Diversificación, xunto co de 2.º de BACH da opción de Economía viaxamos á Coruña para descubrir o mundo da gran empresa. Os de 2.º de Bacharelato tiveron a gran sorte de coñecer como se traballa e como son as instalacións da que é quizais a gran empresa galega: Inditex. Nós non puidemos acompañalos porque Inditex só permite a entrada a grupos de 2.º de Bacharelato, así que quedamos coas ganas de chegar a ese curso para ter a oportunidade de descubrir como é por dentro o gran negocio de Inditex. O que si que puidemos ver foi como os nosos compañeiros regresaban abraiados pola inmensidade daquela industria (incluso tiveron que desprazarse en bus dentro do recinto de Inditex) e polo xeito en que se organiza o traballo na gran meca da moda.

Pola nosa parte, tocounos visitar as instalacións de *La Voz de Galicia*. E tamén nos encantou porque temos a sorte de participar no proxecto Prensa-Escola. Ademais o ano pasado os que agora estamos en 4.º de PDC traballamos moito co xornal e incluso redactamos o noso propio xornal en El País de los Estudiantes. Por iso tiñamos moitas ganas de saber como é a vida real dun xornalista e como se constrúe e imprime un xornal tan importante como La Voz (que, por certo, recibimos e lemos todos os mércores na clase).

Se os rapaces e rapazas que visitaron Inditex regresaron felices, tamén o fixemos nós. Guiounos na visita unha moza moi simpática que se chamaba Nazaret e ela guiounos desde as oficinas nas que se redacta e maqueta o xornal, ata o almacén do papel ou a sala de tintas. Impresionante!! Puidemos saber que a edición se pecha en torno ás once da noite. Ten que haber unha noticia moi explosiva para que se pare a rotativa e se introduza algunha modificación. Tamén nos sorprendeu o feito de que se lle dea tanta importancia á publicidade, pero,

claro, o apoio económico dos anuncios (que poden chegar a custar 6.000 euros) é vital para soste a empresa.

Non obstante, pensamos que o que máis chamou a nosa intención foron as columnas inmensas de papel que hai no almacén. Menos mal que é todo reciclado!!! Por outra parte, tamén quedamos abraiados pola limpeza e orde que existe en toda a instalación. Polo visto, trátase dunha obsesión do presidente de *La Voz de Galicia*, Santiago Rey Fernández-Latorre, que quere que todo estea en perfecto estado de revista.

Para finalizar visitamos o Museo. Non foi pequena a nosa sorpresa cando puidemos ver nos xornais da época noticias sobre temas de Historia que estabamos a explicar na clase, coma o golpe de Estado do 23F ou a coroación do rei Juan Carlos I. Ou incluso novas de moita máis antigüidade relacionadas con monarcas como Alfonso XII ou Alfonso XIII, xa que o xornal foi fundado en 1882 por Juan Fernández Latorre. Para descansar e recuperar forzas fomos ó Marineda City. Alí puidemos comer e facer compras.

Rematamos o día na Torre de Hércules e xa que comeramos moi ben tiñamos forzas para subir ata arriba de todo. O día estaba espléndido, cun ceo azul perfecto. Así que as vistas quedaron na noso recordo para sempre.



# Memorias de Canadá

Rose Deus Seijo. Profesora de Inglés do IES Martaguisela

Atravesar o Atlántico en compañía de vinte e un profesores de primaria e secundaria para analizar o sistema de ensino canadense foi toda unha experiencia para min. O primeiro día de 'clase' estivo tinguido polo atentado contra o Parlamento ocorrido o día anterior. Deste feito aprendín acerca da seguridade nos centros de ensino de Ottawa, nos que se practicou un encerro de catro horas, durante a cal era practicamente imposible acceder nin saír de ningún centro educativo. O claustro de profesorado, na reunión extraordinaria celebrada na biblioteca e á que se me invitou a acudir, debatéronse todos os pormenores do seu sistema de seguridade e a forma de melloralo en casos vindeiros. O lock down ten dous niveis: o primeiro bloquea as entradas principais do instituto e o segundo implica que o profesorado se mantén cerrado dentro da súa aula co alumnado durante o tempo que se precise. Ó longo dos días no centro practicáronse simulacros de ataques e o alumnado tiña que respectar en todo momento as indicacións dos seus profesores e profesoras. Todos se desfacían en desculpas polo atentado. O resto del tempo o meu paso por Brookfield Highschool foi realmente interesante. Ás nove da mañá empezaba a xornada escolar. Ás 9:05 por megafonía soaba o himno canadense e o alumnado e profesorado levantábase para gardar un silencio respectuoso durante o himno, seguido por un minuto de reflexión tras o cal retomaban as clases. Había catro materias diarias e as clases eran de setenta e cinco minutos de duración, divididos en catro períodos. A ratio de alumnado por clase era de vinte e cinco alumnos, todos eles de diversas nacionalidades, a maioría xaponeses e árabes, e un español que estaba aprendendo inglés nun curso de cinco meses. Estes alumnos teñen familias de acollida canadenses que levan un control dos seus deberes e do seu



rendemento escolar. O profesorado que imparte clase no centro ten que comunicar a falta de asistencia, de puntualidade ou a falta de traballo de cada alumno/a.

O centro é un instituto enorme, cunha aula de música completa, con todos os instrumentos dunha orquestra, un salón de actos no que se celebraron os actos do 11 de novembro

'Remembrance Day' (recordatorio dos soldados canadenses caídos na Primeira Guerra Mundial). Tamén teñen un pavillón de deportes e unha cafetería equipada con fornos microondas para que o alumnado que queira poida quentar a comida da casa; e tamén un comedor escolar, se así o precisan.

As aulas están dotadas de ordenadores, pósters e taboleiros por todas as paredes para recordar as tarefas que teñen á

semana, ou para resaltar os nomes daqueles que non fixeron os seus deberes ("o muro da vergoña"). Nunha das clases ás que asistín, tiñan dous niveis de ensino. Mentres a profesora explicaba as tarefas do nivel avanzado, o nivel medio repasaba os seus apuntamentos (ou falaban entre eles en xaponés, claro), e cando a profesora se dirixía ós do nivel medio, entón aquilo era un caos.

Asistín a moitas clases de literatura cun profesor extraordinario, que se asemellaba bastante a Santa Claus. Foi nunha das súas clases cando me invitou a preparar vinte minutos de clase, e claro, aproveitei a ocasión para presentar figuras literarias a través dunha canción de Mecano que gustou moito e que ten tamén unha versión en inglés. Noutras clases non me entretíña tanto e incluso os setenta e cinco minutos parecían eternos.

Non obstante, o último día vivino cunha especie de morriña, mentres o tren se afastaba e me levaba de volta a 'casa'.

Foi unha experiencia moi boa na que coñecín xente encantadora á que volvería visitar de ter a oportunidade de facelo.

# Xogos matemáticos

Noelia Martínez

Gañadora do concurso de resolución de problemas.



Baixo o lema *Xogamos coas matemáticas* o Departamento de Matemáticas do IES Martaguisela realizou diferentes actividades dirixidas ao alumnado da ESO e de Bacharelato. Para animar á participación durante o segundo trimestre por toda a biblioteca destacáronse frases famosas de matemáticos de todos os tempos que incitaban a pensar.


Fíxose unha exposición de libros con xogos e estratexias matemáticas ademais de varios tangram para que durante os recreos puidesen realizar as figuras propostas, esta actividade tivo moito éxito xa que aínda que eran moitos os xogos, moitos días non chegaban para todo o alumnado que se achegaba a participar.

Para rematar a actividade entregáronse ao alumnado uns caderniños (preparáronse tres diferentes dependendo do nivel) con actividades de lóxica e estratexia incidindo no fácil que é a resolución de problemas se se pon vontade e traballo.









# Ata sempre, Ascensión e Antonio

Alumnado de 2.º Bach (2014-2015)

“Iste vaise i aquel vaise e todos, todos se van”. Nos seus días escribiu Rosalía estes versos de despedida. Como ela, o noso director Antonio e a nosa profesora de Matemáticas, Ascensión, tamén nos din adeus, pero eles ao mundo do ensino.

Por una banda, temos a unha das persoas máis alegres de todo o centro: a nosa profesora de Matemáticas sempre está a rir, aínda que che estea rifando, ela ri (e iso que as integrais, as derivadas, os límites..., as matemáticas en xeral son unha cousa moi seria). O que non pode faltar en Ascensión é a súa bata branca e o seu puñado de xices no peto.

Ademais, temos a Antonio, do que botaremos de menos as súas aventuras en Berlín, tanto a súa noite de festa como a súa boa orientación (porque xa sabes, Antonio, que iso da orientación non é o teu punto forte). Das clases de Latín non esqueceremos cando lle preguntabamos se os exames xa estaban corrixidos e a súa resposta era que aínda estaban na bodega fermentando, como o bo viño, para que aumentasen a súa calidade. E non podemos deixar de mencionar que, se no instituto temos algún problema técnico, el sempre trata de solucionalo.

Este ano, coma nós, vós tamén vos graduades. Non pensedes



que unha graduación é como una meta ou un fin, senón que son un comezo, unha nova saída cara a un novo capítulo da vida, un cambio. En nome de todo o Centro queremosvos dicir que se vos vai botar moito de menos.

## Moita sorte na nova andaina



Chegaban ao Martaguisela en setembro de 2009 e vanse en maio de 2015. Atrás quedaron seis intensos cursos cheos de vivencias, sempre enriquecedoras, tanto as boas como as menos boas. Unha parte importante das súas vidas compartidas con todos nós. Vanse porque acabaron unha etapa e teñen que iniciar unha nova andaina. E, é que a vida consiste precisamente niso: ir abrindo e pechando etapas.

O camiño que agora inician é un paso máis na súa formación,

tamén decisivo e fundamental. Merecen ter sorte, por iso oxalá lles sexa de proveito como o foi o transcurrido no noso Centro. Aínda que nunca se deixa de aprender, o noso desexo é que cando acaben a nova andaina que agora comezan, poidan desenvolver un traballo que os faga felices. Porque ser feliz é o que conta. E, eles merecen selo.

Moita sorte.

# Semana das Letras

## Pon de moda o galego



“Pon de moda o galego”, ese é o lema que escollemos este ano os Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) dos centros públicos de Valdeorras e de Rubiá para festexar as nosas letras.

Todo comezou nunha reunión alá polo mes de febreiro. Os coordinadores dos EDLG tiñamos claro que queríamos levar a cabo unha actividade con difusión entre a cidadanía da vila, que implicase a outros axentes sociais. Así foi como xurdiu a idea de estampar camisetas con palabras galegas, cheas de cores e de imaxinación. Enseguida nos encantou a idea e tamén enseguida pensamos na Asociación de Comerciantes de Valdeorras (AEVA). A súa colaboración foi inmediata porque tamén se viron moi atraídos pola actividade.

A partir deste momento, os feitos transcorreron de forma moi sinxela porque nos centros os nosos compañeiros e compañeiras tamén se entusiasmaron. Moi pronto o alumnado comezou a pintar as súas camisetas. De forma conxunta AEVA e EDLG fixemos unha rolda de prensa para dar a coñecer a nosa iniciativa. A continuación, os comerciantes colaboradores colgaron as camisetas que lles demos para os seus escaparates (espe-

cialmente deseñadas para eles) e, por fin, chegou o gran día en que todas, absolutamente todas as prendas, se penduraron nun tendal xigante no noso Paseo do Malecón, acompañado dunha enorme pancarta co lema “Pon de moda o galego”.

O éxito foi inmediato xa no mesmo día da colgada. Pais, nais, nenos e nenas, avós e avoas aproximábanse para ler o que poñían as camisetas e para localizar as súas propias. Durante a semana que estivo pendurado o noso tendal (e que coincidiu coas festas da vila) toda a cidadanía barquense e dos arredores paseou baixo as nosas palabras estampadas con cores e ilusión. Xa na recta final, unha vez que se recolleu o tendal, chegou o momento de decidir en cada centro a camiseta gañadora. No caso do IES Martaguisela a prenda gañadora é “Andoriña” da alumna de 4.º ESO Eva Piay.

Noraboa e mil grazas a todos os que participastes: alumnado e profesorado. Grazas pola vosa disposición, ilusión e imaxinación. Os resultados foron espectaculares e superaron con creces as expectativas iniciais. Foi unha verdadeira festa das Letras, da cor, da liberdade imaxinativa. Pon de moda o galego, non agoches a túa lingua no armario.



# Un día cheo de música

**Andrea García Neira 4.º ESO A**

Na segunda avaliación tivemos a sorte de poder ver algo que non é corrente. Leváronos Marta (a profesora de Música) e Ana (a profesora de Inglés) a Santiago.

Alí vimos e escoitamos un Concerto Didáctico para mozos a cargo da Real Filharmonía de Galicia. Xa de por si ir ver iso sería máis que fantástico, pero aínda foi máis especial porque foi un concerto de tuba. A tuba é un instrumento máis de acompañamento que melódico e non se soe ver un concerto dedicado especialmente a unha tuba en solitario. Pero este si o era. O seu compositor é Vaughan Williams. O tubeiro neste caso era un rapaz de non máis de vinte anos que gañara un concurso no seu conservatorio, o premio era tocar xunto coa Real Filharmonía de Galicia. Ao ser tan novo era unha das primeiras veces que tocaba en público, notábaselle que estaba nervioso pero fíxoo moi ben. A nós encantounos o que escoitamos. Pois a profesora de música tiña razón: é moi diferente escoitar a música nos teus cascos ou nos altavoces a escoitala nun auditorio en directo.

Logo diso fomos visitar a catedral de Santiago. Tivemos mala sorte porque leva algúns meses en obras e a metade tiñana tapada cunha especie de cartel xigante que semellaba a fachada da catedral. Para comer leváronos ao centro comercial. Recordo que a última planta estaba chea de restaurantes e non nos dabamos decidido por un. Todos tiñan boa pinta!


O camiño de regreso pareceunos máis curto xa que estábamos máis cansados e falamos de como o pasamos. Foi unha boa excursión.

**Maite Álvarez 3.º ESO A - Marta Rodríguez 3º ESO B**

O alumnado de 3.º de ESO do IES Martaguisela, asistiu a un concerto da Real Banda Municipal de Santiago, no cal nos presentaron diferentes intervencións musicais sobre fragmentos de películas como: *La Mula*, *Mortadelo y Filemón*, *Indiana Jones* e moitas máis que se ían proxectando nunha pantalla, aínda que non só tocan fragmentos das bandas sonoras de distintas películas senón que tamén tocan pezas musicais completas e fan xiras por moitos lugares do mundo. A banda tiña unha gama de instrumentistas (vento, metal e percusión) que obedecían moi ben as indicacións del director de orquestra. O que máis nos chamou a atención foi o gran espazo do Auditorio de Santiago, incluso a sonoridade tan clara, que facía imaxinar o que podía pasar sen ter que ver as imaxes que se proxectaban na pantalla. A maioría de alumnado era a primeira vez que asistía a ver este tipo de intervencións musicais.

Cando terminou o concerto, Marta e Ascensión decidiron ensinarnos os distintos lugares máis emblemáticos de Santiago, a catedral (Pórtico da Gloria) que se sitúa na Praza do Obradoiro, onde nos explicaron a arquitectura deste lugar e que a moitos nos impresionou, tamén varios de nós abrazamos ao Apóstolo. Cando saímos da catedral situámonos na Praza das Praterías onde fixemos millóns de fotos coa fonte dos cabalos.

Ao finalizar, dirixímonos ao centro comercial As Cancelas, onde comemos e fixemos distintas actividades. Nada máis acabar volvemos ao Barco de Valdeorras.



CONCERTOS DIDÁCTICOS EN SANTIAGO



# Segundo premio no I Congreso de Educación Ambiental



O alumnado de primeiro ciclo do IES Martaguisela participou no I Congreso de Educación Ambiental dos centros de ensino do Barco de Valdeorras "O cambio climático visto desde a escola", encadrado dentro da XX SEMANA DA NATUREZA 2015: NON CAMBIES O CLIMA CAMBIA TI. A nosa achega consistiu na realización de dous proxectos: un en 1.º ESO, co lema "Reducir antes que reciclar: o papel"; e o outro en 2.º ESO, baixo o título "Reducir antes que depurar: a auga". Durante tres semanas dedicamos as clases da Ciencias da Natureza á busca de información sobre o cambio climático e sobre os hábitos de consumo que nos poden axudar a reducir as emisións causantes do efecto

invernadoiro. En primeiro de ESO centrámonos no uso do papel e en segundo de ESO no da auga. Todas as clases participaron na preparación dunha exposición en Power Point que demos a coñecer na Casa da Cultura, xunto con outros centros educativos. O obxectivo do proxecto era explicar as medidas que se tomarán desde o centro para chegar o noso gran de area e reducir os efectos do cambio climático. Unha das tarefas que máis lles gustou ao alumnado foi a realización de "selfies" nos que se reflectía o bo uso fronte ó mal uso tanto da auga coma do papel. O xurado outorgou ó noso traballo o segundo premio, que recolleremos durante a celebración da XX Semana da Natureza.

## Un día de setembro...

Saúl Rodríguez Regueira . 4.º ESO



Comecei no grupo de teatro do Instituto cando estaba en 3.º da ESO. Agora xa vai para tres anos dende entón e a verdade é... que me encanta! Ó principio tiña pánico escénico e pensaba que sería incapaz de saír a un escenario, ata

que chegou a miña primeira obra, unha adaptación de *Pista ou Peste* de Manuel Varela Buxán. Foi moi importante para min esta obra porque me axudou a superar eses medos dos que antes falaba. Sentínme xenial no meu papel, decateime de que encaixaba, de que o pasaba ben e de que quería seguir, xa non tiña dúbidas, encontrara unha actividade á miña medida. Ademais por aquel entón comecei a meterme de cheo no mundo do espectáculo. Sempre me sentín atraído por ese mundo, pero nunca tiven o valor para me lanzar. O grupo de teatro foi o que me empuxou definitivamente. Logo chegaron outras obras *Metateatro* e *Adiviña quen vén ceiar esta noite*, esta última do presente curso. Co paso

dos anos a miña afección aumentou e comecei a facer máis cursos de teatro e improvisación, a cada cal máis entretidos e interesantes e dos que aprendín moito. Tamén chegaron os meus comezos na música, sobre todo no rap, agora teño dous traballos na rúa e xa comecei a dar algún que outro concerto en Galicia.

Levo moitos recordos, todos bos, do meu paso polo grupo de teatro do Instituto. No tempo de ensaio sempre o pasamos xenial, hai moito apoio no grupo, axudámonos e dámonos consellos, aprendemos moito uns dos outros. Un dos momentos que lembro como máis emocionante é ó remate da obra, os aplausos e a satisfacción de dicir que todo saíu ben!

Desexo que todos os que pasen polo meu lugar no grupo gocen tanto coma min e animo a todos aqueles que están indecisos ou que pensan que non serán capaces de saíren a un escenario aínda que teñan gañas. Crede en vós mesmos! Xa veredes canto vos axuda o teatro a ter confianza.

Gustárame seguir pasando anos no grupo e cos meus compañeiros, pero deixarei o instituto para centrarme na miña carreira musical fóra. Pero sempre vos recordarei e levarei comigo tantos momentos especiais que pasamos xuntos dentro e fóra do escenario! Grazas a todas e todos e ata sempre!

# A Esmorga



Foi o 14 de novembro por vídeo-conferencia. Era a primeira vez que tiñamos a oportunidade de falar con actores de prestixio, aos que viramos moitas veces na televisión en series de éxito como "Padre Casares". Alí, ao outro lado da pantalla, estaban Miguel de Lira, Morris, Karre Elejalde e o director do filme, Ignacio Vilar, paisano noso da Rúa de Valdeorras. A nosa intervención fíxose esperar, porque antes foi a quenda de preguntas doutros IES como o Blanco Amor de Ourense ou dos universitarios do Edificio de Ferro do campus ourensán. Levamos un bo susto cando xa se despedían sen darnos a palabra, pero alguén os advertiu e, logo de resolver os problemas de audio, o noso profesor de galego, Manuel Agra, foi o

portavoz facéndose eco das nosas preguntas. Os actores contáronnos que o pasaran moi ben rodando o filme polas rúas de Ourense e de Ribadavia. E o que máis nos impresionou foi o relato de Karre Elejalde, que, sen saber galego, traballou a conciencia cunha profesora ata lograr, en dúas semanas, unha pronuncia case perfecta para os oídos de espectadores galegos. Está claro que na vontade está o segredo. Foi toda unha experiencia. Parécenos que é unha iniciativa moi interesante por parte da produtora Vía Láctea que se achegue aos centros educativos para escoitar a voz dos mozos galegos. Trátase, ademais, dunha estratexia de marketing bastante produtiva.

# Recordando as aventuras do marabilloso Don Quixote

O 2015 pasará á historia coma o ano no que se conmemorou o IV centenario da publicación da segunda parte do *Ingenioso caballero Don Quijote de la Mancha*. Recordemos que no ano 1615, dez anos despois de publicar a súa afamada novela, Cervantes saca á luz unha segunda parte do seu Quijote como protesta polo feito de que un "tal" Alonso Fernández de Avellaneda (pseudónimo falso) se atrevese a empregar as ideas de Cervantes para publicar o seu propio Don Quijote.

A segunda parte desta marabillosa novela supera, en opinión de algúns críticos, á primeira. Nela Don Quijote, acompañado do seu fiel escudeiro Sancho Panza, atravesará as terras castelás ata chegar ás praias de Barcelona. Alí, despois de vivir múltiples aventuras, será vencido definitivamente polo Caballero de la blanca

Luna. Regresará á súa casa e alí morrerá sendo consciente das tolerías cometidas. Ante tal importante conmemoración o grupo de teatro do IES Martaguisela quixo facer a súa propia achega representando dúas pequenas pezas da novela: a escena dos muiños de vento e a dos consellos para gobernar a "ínsula Barataria".

O traballo realizado polo grupo de teatro foi excepcional e tamén foi fantástica a forma que escolleron para representar, posto que (previo aviso ao profesorado) entraban nas aulas por sorpresa esperando auténtica expectación e trasladándonos a outra época.

Foi un día inesquecible, no que o alumnado do noso centro, sen excepción, recordou a estes extraordinarios personaxes que nunca máis se borrarán da nosa memoria por moitos anos que pasen.



# Elena Gallego Abad. Impresións

Elena Gallego Abad é a autora de *Dragal I*, un libro interesante para o meu gusto. Cando souben de onde viña a historia e por que a comezou a escribir, deime conta de que, se te esforzas e pensas un pouco, podes chegar moi alto. Tanto coma ela. Eu penso que por ese mechón branco na súa perrera, xa se sabe un pouco como é esta escritora, non? A miña impresión é que se trata dunha muller aventureira, como se pode comprobar no seu libro, e tamén moi boa persoa. E, como todas as nais, ten momentos nos que parece unha bruxa. Pero, aínda así, parécese que sempre ten un lado tenro e bo.

**CARLA MORAIS. 1.º ESO B**

Cando veu ao noso instituto, Elena Gallego pareceume unha persoa moi divertida. Gustoume a súa forma de buscar información polo mundo dos dragóns. O seu libro, ao comezo, facíase me pesado, pero despois converteu-

se en moi interesante e rematei enganchada a el. Cando poda comprarei outros volumes da saga, porque estou intrigada por saber que lles pasa a Hadrián e Mónica. A Elena Gallego parecía que se lle daba ben o de falar diante da xente. Gustáballe a situación porque se apreciaba que gozaba contándonos como se inspirou para facer a novela ou que pasos seguiu na súa construción.

**ADRIANA REGUEIRA. 1.º ESO B**

Cando rematei de ler o seu primeiro libro (*Dragal I. A herdanza do dragón*) quería continuar lendo a súa saga, aínda que debo confesar que non son unha lectora habitual en literatura galega. Cando nos visitou a autora, a primeira impresión que tiven foi que ten bo tacto tratando cos nenos e nenas, que non perde os nervios (iso pode deberse a que tamén é nai, como ela mesma nos explicou). Pero cando



continuou falando de dragóns, impresionoume que crera todo o que escribira. É dicir, que ela cre nos dragóns. Eu son escéptica, aínda así leo moita fantasía, pero xamais pensei que a escritora dun libro fantástico crese o que escribía. Así que, aínda que Elena parece boa persoa e escribe bos libros, eu sigo pensando que os dragóns non existen, por moitos libros que me digan o contrario.

**LIDIA LÓPEZ FERRER. 1.º ESO B**

Elena Gallego Abad pareceume

unha persoa moi intelixente. Impresionoume o feito de que escribise a triloxía de *Dragal* para conseguir que o seu propio fillo aprendese. É tamén imaxinativa, xa que as súas historias falan dun neno que se chama Hadrián e da súa compañeira Mónica, que están buscando a *Dragal* por lugares máxicos e increíbles. O seu libro é moi interesante, xa que consegue introducirte en aventuras de dragóns que che farán soñar.

**ANA MARÍA TEIXEIRA ANTUNES**

# O universo literario de Rosa Huertas

Alumnado de 4.º ESO C



A escritora Rosa Huertas é unha habitual nas nosas visitas de escritores. Veu ao Martaguisela o día 22 de xaneiro para falar con nós das súas novelas *Tuerto, maldito y enamorado* e *Mala luna*. Esta muller, apaixonada da literatura e da docencia, sempre nos sorprende. Xa sabiamos que a novela *Tuerto, maldito y enamorado* se ambientaba nas rúas que rodean a súa propia casa e que a biblioteca na que teñen lugar os encontros entre o fantasma e a protagonista se inspira na biblioteca do seu propio instituto. Pero, unha vez máis, nos agasallou coa sorpresa de que tamén *Mala luna*, cuxo protagonista literario é Miguel Hernández, ten certa verosimilitude xa que a historia naceu grazas a que unha das súas grandes amigas é descendente do propio Miguel Hernández e foi ela quen lle contou partes da vida do autor que a levaron a construír esta gran novela. Foi fantástico recordar a vida de Miguel Hernández e ver fotos reais que se correspondían con

algúns personaxes ou con algún lugar nos que transcorre a novela. Así que a ficción non é tanta ficción, porque Rosa Huertas non perde de vista a realidade e as súas historias, ademais de ser un goce estético, tamén constitúen unha lección de Historia. A pregunta obrigada que sempre lle facemos a esta escritora, porque nos encanta, é para cando teremos unha nova novela. E así marchamos, co mel nos labios, ao saber que xa estaba no prelo a súa próxima obra titulada *Sombras de la Plaza Mayor*. A novela saíu á rúa no mes de febreiro e xa o alumnado de 3.º de ESO a esta a ler neste terceiro trimestre. As historias de Rosa Huertas sempre nos enganchan, sentímonos identificados cos seus personaxes (que adoitan ser adolescentes da nosa idade, aloucados e sensibles coma nós, que deben resolver un misterio), pero, ademais, sempre aprendemos leccións de vida e leccións de literatura. Un cóctel perfecto.

# O IES Martaguisela contra a violencia de xénero

Un ano máis o IES Martaguisela amosou o seu compromiso na loita contra a violencia de xénero elaborando un vídeo no que empregando diferentes linguaxes o grupo de teatro “berra” contra o maltrato. Procuramos darlle a este traballo a máxima difusión. E a nosa sorpresa foi maiúscula cando comprobamos que en poucos días as reproducións ascenderon a catro mil.

Invitámosvos a visionar o noso traballo na web <https://www.facebook.com/video.php?v=1512398819023892>

A web de Radio Cope foi unha das primeiras en apostar polo noso vídeo. As visitas sucedéronse a miles, batendo un récord de reprodución. O alumnado que participa no documento audiovisual foi invitado a colaborar cunha entrevista na que, unha vez máis, se insistiu na importancia da educación para evitar os malos tratos nas relacións entre homes e mulleres.



## Eu son así

### Profesoras del Aula de Educación Especial

Como te sentirías se aínda que tiveses o corpo dun adolescente a túa capacidade cognitiva fose a dun neno de dous anos? Como te sentirías se quixeses expresar algo tan sinxelo como “estou canso” pero non es capaz? Como te sentirías se a túa capacidade para recordar o nome de quen máis queres conlevase un esforzo de anos?

Pois este é o meu caso, isto é o que me pasa a min. Son un rapaz con diversidade funcional e estou escolarizado na Aula de Educación Especial do teu centro. Por se non o sabedes a Aula de Educación Especial é o espazo no que se atende a alumnado con Necesidades Educativas Especiais, alumnado que ten moitas dificultades na área cognitiva, a nivel linguaxe e comunicación, no senso motriz, no desenvolvemento psicosocial e da personalidade, e tamén no eido condutual. Moitas cousas verdade?

A miña mestra ten que crear materiais dinámicos, atractivos e manipulativos, porque a miña atención dispérsase e, pese a que valoro o seu esforzo diario, a min tódalas letras me parecen iguais e contar números só me divirte cando os asocio a obxectos tanxibles. Na miña aula danme clases unha mestra de Pedagogía Terapéutica (PT) e outra de Audición e Linguaxe (AL). A PT está sempre comigo, traballamos sobre todo conceptos básicos e tenta adaptar o máximo posible os obxectivos educativos marcados no curriculum ás miñas necesidades especiais. A AL vén cinco horas á semana e con ela traballo os meus problemas de linguaxe. Estas mestras son especiais, non o dubides, porque elas entenden sen máis o que me pasa e non adoitan agobiarme cando non podo dar máis de min. E é que eu necesito levantarme a miúdo, a miña capacidade de concentración é moi escasa e ás veces teño crises, propias da miña enfermidade, que me bloquean completamente e fan que o traballo diario na clase sexa se cabe máis difícil. Pero aquí



tamén está a coidadora quen vixía nun segundo plano que me comporte ben e axúdame no tocante ó desenvolvemento autónomo das miñas necesidades básicas como levarme ó baño ou darme de comer.

Non me sinto mal por todo isto, sabes? Eu só non son capaz e cando un non é capaz de facer algo, o lóxico é pedir axuda, non cres? E nada máis, se queres coñecerme e saber como traballo, convidote a que visites a miña aula no IES Martaguisela.

# A LOMCE e as súas novidades

Ana Fernández. Orientadora do IES Martaguisela

## 1º. Como vai estar organizada a Educación Secundaria Obrigatoria?

Establécense dous ciclos:

-- 1º ciclo: comprende 1º, 2º, e 3º ESO

-- 2º ciclo: abrangue un só curso: 4º ESO, que terá un carácter máis preparatorio para os estudos posteriores (Bacharelato ou Formación Profesional).

## 2º. Que novidades aparecen nas materias por cursar na ESO?

A lei establece a existencia de materias troncais, específicas e de libre configuración. Esta distribución responde á distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. Se analizamos as materias por cursos, atopamos como principais novidades:

-- **1.º ESO.** A materia de Ciencias Naturais pasa a ser Bioloxía e Xeoloxía. Aparece unha materia como alternativa á Relixión, denominada "Valores éticos". Esta opción esténdese ao resto de cursos da etapa.

-- **2.º ESO.** A materia de Ciencias Naturais pasa a denominarse "Física e Química".

-- **3.º ESO.** Aparecen dúas opcións de Matemáticas:

a) Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas.

(Realizar a proba de avaliación final pola opción académica)

b) Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas.

(Realizar a proba final pola opción ensinanzas aplicadas)

-- Desaparecen a Educación para a Cidadanía (2.º ESO) e Educación Ético-Cívica (4.º curso).

## 4º. Hai cambios significativos na avaliación, promoción e titulación do alumnado en ESO?

Pasarase ao curso seguinte con tódalas materias superadas ou con avaliación negativa en dúas materias como máximo, sempre que estas non sexan simultaneamente Matemáticas e Lingua Galega ou Castelá.

Polo tanto, se suspendes á vez Lingua Galega e Literatura/Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, repites curso.

## 3.º Como se accede ao Bacharelato?

Para acceder ao Bacharelato será preciso, con carácter xeral, o título de Graduado en Educación Secundaria e superar a avaliación final da ESO pola opción de ensinanzas académicas.

## 4.º En qué consiste a avaliación final da ESO?

Trátase dunha proba obrigatoria ao finalizar a ESO á que deberá presentarse o alumnado con avaliación positiva en tódalas materias ou negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura/Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

Nesta proba examínase de:

-- Tódalas materias troncais.

-- Dúas de opción.

-- Unha materia específica.

A proba obrigatoria ("reválida") poderase realizar por calquera das dúas opcións (ensinanzas académicas ou ensinanzas aplicadas) con independencia da opción cursada en 4º ESO, ou por ámbalas dúas opcións.

A superación da proba será necesaria para obter o Graduado en Educación Secundaria. Para superala precisará unha cualificación superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final de Educación Secundaria Obrigatoria contará nun 70% coa media das cualificacións da ESO e no 30% restante co resultado obtido na avaliación final da etapa

A proba será aplicada e cualificada por profesorado externo ao centro. O alumnado que non supere a proba de avaliación recibirá unha certificación oficial, pero non obterá o Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

Esta proba poderase repetir en convocatorias sucesivas, existindo polo menos dúas convocatorias anuais.

## 5.º Que medidas novas aparecen na ESO para atender á diversidade?

a) Programas de reforzo para alumnado que promocióne con materias

non superadas (en realidade esta medida xa estaba contemplada na LOE).

b) Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento, nos cursos 2.º e 3.º ESO. Isto acompáñase da desaparición dos Programas de Diversificación Curricular en 3.º e 4.º cursos.

c) En 3.º curso poderase escoller entre Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.

d) En 4º curso escollerase entre unha das seguintes opcións:

-- Opción de ensinanzas académicas, para iniciación ao Bacharelato

-- Opción de ensinanzas aplicadas, para iniciación á formación profesional.

e) Ciclos de Formación Profesional Básica

Están dirixidos ao alumnado que reúna simultaneamente estas condicións:

-- Ter cumpridos 15 anos ou cumprilos no ano natural en curso e non superar os 17 anos de idade no intre de acceso ao curso ou durante ese ano natural.

-- Ter cursado o 1.º ciclo de ESO (é dicir ata 3.º incluído) ou, excepcionalmente, ter cursado 2.º ESO.

-- Ser proposto polo equipo docente.

Estas ciclos ofrecerán unha formación básica e formarán para unha cualificación profesional de nivel 1. Terán dous anos de duración e o título profesional terá os mesmos efectos laborais que o título de Graduado en Educación Secundaria. Este título profesional básico permite acceso aos ciclos formativos de Grao Medio.

Para obter o Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria deberán superar a proba final de ESO, nalgunha das dúas opcións (ensinanzas académicas/ensinanzas profesionais)

## 6º. Como se organiza o Bacharelato?

Para acceder ao bacharelato será preciso, con carácter xeral, superar a proba final de ESO pola opción de ensinanzas académicas. Aparecen tres modalidades: (a) Ciencias, (b) Artes e Humanidades e (c) Ciencias Sociais. As materias clasifícanse en troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

## 7º. Existe unha proba final de bacharelato e en qué consiste?

Si, introdúcese unha proba final de Bacharelato, que deberá superarse para conseguir o Título de Bacharelato.

Só poderá presentarse a esta proba aquel alumnado que teña avaliación positiva en tódalas materias. Para superala será precisa unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

## 8º. Qué pasará coas probas de acceso á universidade?

Desaparece a proba de acceso á universidade e a admisión realizarase coa cualificación obtida no Bacharelato (60% será a media das cualificacións obtidas nas materias cursadas e 40% cualificación na proba de avaliación final do bacharelato.) Malia iso, as universidades poderán fixar outros procedementos complementarios de admisión.

## 8º. Cando comezarán estas novidades?

Arestora as datas que se manexan son as seguintes:

- Para o curso 2015/2016 implántase 1.º e 3.º ESO e 1.º Bacharelato.

- No curso 2016/2017 implantaranse en 2.º e 4.º ESO e 2.º Bacharelato.

- No curso 2016/2017 celebrarase a primeira proba final de ESO, sen efectos académicos. Nese mesmo curso asemade realizarase a primeira proba final de Bacharelato, contando só para o acceso á Universidade, non para a titulación en Bacharelato.

- Para o curso 2017/2018 xa funcionarán con efectos plenos as probas finais de ESO e Bacharelato. Tamén neste curso entrará en funcionamento por completo o novo sistema de acceso á universidade.

- No presente curso 2014/2015 xa entrou en vigor o 1.º curso da Formación Profesional Básica.



*Adiviña quen vén cear esta noite*


Teatro Lauro Olmo  
Martes 30 de xuño.  
20:00 h

Obra escrita e interpretada polo  
Grupo de Teatro do IES  
Martaguisela.



Ilustracións por todo o centro coa temática da lectura.





Xogos matemáticos